PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3787
Data envio: 19/01/2017 16:21:20.804

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 8ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a posición do Parlamento de Galicia e as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais. (doc. núm. 565).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

"O Parlamento de Galicia mostra o seu apoio ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

a) A revisión de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40.

b) Unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades"

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/01/2017 16:19:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3787
Data envio: 19/01/2017 16:21:20.804

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/01/2017 16:19:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es